



para ler, ver
escoitar^e



Para ler, ver e escoitar

Nestas datas, nas que se realizan tantos agasallos, desexamos lembrar que un libro, unha película ou disco son un bo regalo.

Dende as Bibliotecas Municipais ofrecemos esta selección de obras que divirten, emocionan ou fan pensar, que invitan a coñecer mellor a nosa cultura ou a descubrir outras diferentes, boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar, solos ou en compañía.

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo.
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro». Santa Cruz.
- * Biblioteca Pública Municipal «M^a José Trincado». Mera.
- * Biblioteca Pública Municipal «Manuel María». Oleiros.
- * Biblioteca Pública Municipal de Dorneda.
- * Biblioteca Pública Municipal «Ánxel Fole». Nós.
- * Biblioteca Pública Municipal «Xograr Mendiño». Lorbé.
- * Biblioteca Pública Municipal «Federico García Lorca». Montrove.

Guía realizada por:

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel. 981 639 511

Fax 981 639 996

m.corral@oleiros.org

rialeda@biblioleiros.e.telefonica.net

Depósito Legal: C 4331-2007

Obras de coñecementos, infantís e xuvenís



El ABC del arte para niños

Textos de Amanda Renshaw e Gilda Williams Ruggi

London: Phaidon Press, 2006

Explica o estilo de trinta artistas, analizando os significados da arte, co obxectivo de estimular a creatividade e a imaxinación.



Ajedrez

Daniel King

Barcelona: Blume, 2002

Escrito por un grande mestre do xadrez. É unha guía perfecta para principiantes e xogadores avanzados.



El auto de carreras

Paul Beck

[s.l]: Silverdolphin, 2003

Libro e maqueta á vez, vanse pasando as páxinas para ver as distintas partes do automóbil.



Dragones: el gran libro de los dragones

Ernest Drake

Barcelona: Montena, 2006

Análise de todos os aspectos deste animal. Permite xogar e aprender, a través de pequenas sorpresas, as curiosidades destes animais.



El gran libro del cuerpo humano: anatomía, fisiología, salud

Adolfo Cassan

Barcelona: Parramón, D.L. 2006

Ilustrado con numerosas láminas do corpo humano. A obra está dividida en diferentes sistemas orgánicos, cunha visión didáctica.



Inventos y descubrimientos

Dee Phillips [e outros]

Madrid: Altea, 2007

Inventos e descubrimentos ao longo da historia, con ilustracións e datos moi precisos.



Juegos de espacio

Jordina Ros

Barcelona: Parramón, 2005

75 xogos de espacio para iniciar aos nenos e nenas no seu coñecemento.



Los mamíferos

María Àngels Julivert Zamarreño

Ilustracións de Amadeo Blasco Feliu

Barcelona: Parramón, 2006

Guía para coñecer aos mamíferos e os seus hábitats.



Mi gran libro de animales

Louise Voice

Barcelona: Molino, 2007

Acerca aos máis pequenos ao mundo dos animais, ensinándolles os seus nomes.



Pequechos das montañas

Adaptación de Xulio Gutiérrez e José María Heras

Vigo: Factoría K de Libros, 2006

Libro informativo para coñecer de forma amena os animais das montañas.



¿Tienen los animales que lavarse los dientes?... y otras preguntas al director del Zoo

Henning Wiesner.

Escrito por Walli Müller

Ilustracións de Günter Mattei

Madrid: Edaf, 2006

Diversas cuestións sobre os animais, ás que da resposta o director dun parque zoolóxico.



Yo también cocino

Brigitte Carrère

Ilustracións de Serge Carrère

Barcelona: Combel, 2006

Receitas sinxelas para elaborar polas propias nenas e nenos.

Obras de literatura infantil e xuvenil

Menores de 6 anos



Abezoo

Carlos Reviejo

Ilustracións de Javier Aramburu

Madrid: SM, 2007

Abecedario infantil



Aprende el abecedario ¡A oscuras!

Ramón Besora

Ilustracións de Mabel Piérola

Barcelona: Beascoa, 2006

Libro para ler na escuridade, con debuxos e letras fosforitas.



Chocolata

Marisa Núñez

Ilustracións de Helga Bansch

Pontevedra: Oqo, 2006

Chocolata, é unha hipopótamo que decide ir á cidade a probar unha casa de baños.

Unha obra sobre as ilusións e os desexos, que destaca a importancia da experiencia e o valor do máis próximo.

 **Crocodilo namorado**

Daniela Kulot

Vigo: Factoría K de libros, 2007

Explica, cunha linguaxe sinxela, as emocións e sensacións que se producen en quen se namora.

 **Eduardo, o neno máis terrible do mundo**

John Burningham

Pontevedra: Kalandraka, 2006

Cando somos valorados e respectados aflora o mellor de nós mesmos.

 **La estrella más brillante**

M. C. Butler

Madrid: Pearson, 2007

Zorro e os seus amigos ven unha estrela moi brillante, que o ilumina todo coa súa luz.

 **Fotos de contrarios**

Noel Bourcier

Madrid: SM, 2005

Fada-Bruxa, Desde arriba-Desde abaixo, Ra-Príncipe Azul... ¡Xoga con este libro a construír contrarios!

 **¡Hombre de color!**

Inspirado nun conto africano e ilustrado por Jérôme Ruillier

Barcelona: Juventud, 2004

¿De qué cor é o home de cor?

 **Mi pañal**

Armelle Modéré

Barcelona: Corimbo, 2007

Para axudar a sacar o cueiro.

 **Nani y los sueños mágicos**

Raúl de la Rosa

Madrid: Ediciones IESE, 2007

Nani, a través dos soños, vive diferentes aventuras en compañía dos seus amigos.

A princesa do Caurel

Texto de Patacrúa a partir dun conto tradicional europeo

Ilustracións de Javier Solchaga

Pontevedra: Oqo, 2006

É un conto acumulativo clásico, que recolle os elementos máis típicos das series que aparecen en Europa: gato, can, pao, lume, auga... O ilustrador ofrece unha proposta especial, elaborada a partir de elementos reciclados (botellas, madeira, pedras, arame...).

El secreto

Eric Battut

Madrid: Kókinos, 2005

Un rato atopa unha mazá e, para escondela, entérraa. Cando un esquío, un paxaro, unha tartaruga e outros animais lle van preguntando que escondeu, a todos lles di que é o seu segredo...

El tiburón simplón

Jack Tickle

Barcelona: Combel, 2005

Libro animado sobre animais do mar

De 6 a 8 anos

Ajdar

Marjane Satrapi

Barcelona: Norma, 2006

A terra treme e no país de Matilde pono todo do revés. A nena será a encargada de volver as cousas ao seu xeito.

Antípodas: al otro lado del mundo

Ernst Jandl

Ilustracións de Norman Junge

Santa Marta de Tormes: Lóquez, 2006

¿Qué significa antípodas?

 **Blóbló**

Rai Bueno

Ilustracións de Mariona Cabassa

Pontevedra: Kalandraka, 2003

O mono Blóbló descubre a primeira nevada da súa vida.

 **As dentaduras de Paco Palma**

Mercedes Pérez Sabbi

Pontevedra: Oqo, 2006

Un carteiro que usa dúas dentaduras: unha para comer e outra para pensar.

 **Deseos mágicos (Valeria Varita)**

Emma P. Thomson

Barcelona: Beascoa, 2007

Libro de fadas animado.

 **Un día de caca e vaca**

Fina Casalderrey

Debuxos de Marina Seoane

A Coruña: Baía, 2006

Alexandra vai de excursión, por primeira vez na súa vida, e iso énchea de emocións...

 **A gatiña Rosalinda**

Piotr Wilkon

Vigo: Factoría K de libros, 2006

Rosalinda non é da mesma cor que os seus irmáns gatiños, pero... que máis ten.

 **Herbalúa**

Marilar Aleixandre

Ilustracións de Enjamio

Vigo: Galaxia, 2006

A boneca de trapo de Helena só come a herba que medra na lúa.





Llegué de Etiopía

Anna Canals

Ilustracións de Luci Gutiérrez.

Barcelona: La Galera, 2005

Achegamento ao tema da adopción internacional, que é a realidade cotiá dun número, cada vez maior, de familias.



Ningún bico para mamá

Tomi Ungerer

Vigo: Xerais, 2007

Moitas veces, aos nen@s dálles vergonza que súa nai lles estea dando bicos a todos os momentos e sobre todo diante doutros compañeir@s.



Ovos duros

Marisa Núñez

Ilustracións de Teresa Lima

Pontevedra: Oqo, 2007

A filla pequena do carboeiro era coñecida pola súa intelixencia, xa que podía resolver os enigmas máis complicados.



La palabra que se fue de vacaciones

Vicente Vilana

Valencia: Brosquil, 2006

A palabra «Cómprame» sofre de estrés de tanto ser pronunciada pol@s cativ@s e decide tomarse un descanso.



Pimpín e dona Gata

Fina Casalderrey

Ilustracións de Manuel Uhía

Madrid: SM, 1999

Col. O Barco de Vapor, nº 17. Serie Branca.

Pimpín é un paxariño inquedo e algo traste, ao que lle gusta gastar bromas.



A princesa que bocexaba a todas horas

Carmen Gil

Pontevedra: Oqo, 2005

A princesa que bocexaba a todas horas deixou de abrir a boca cando...



¿Quién necesita un sombrero mágico?

María Jesús Bolta

Alzira: Algar, 2006

Os obxectos cotiáns poden converterse no xoguete máis divertido cun chisco de imaxinación.



Sacapenas

Anthony Browne

Pontevedra: Kalandraka, 2006

Bieito non pode con tanta preocupación, pero hai una solución: os bonecos sacapenas.



Sola y Sincola

Patxi Zubizarreta

Zaragoza: Edelvives, 2005

Unha nena e un gato quedan esquecidos nunha gasoleira ¿botaranos de menos as súas familias e volverán por eles?




El viaje de Lisa

Paul Maar

México: Fondo de Cultura Económica, 2004

Lisa viaxa, en soños, polos países máis raros que teñas visto xamais.



De 8 a 10 anos

O astrólogo e a feiticeira

Washington Irving

Versión galega de Paco Liván

Ilustracións de Paula Aneiros

Pontevedra: Oqo, 2006

O estupendo clásico de Irving que presenta a mestura de tradicións dos Contos da Alhambra.

Babaiaga

Tai-Marc Le Thanh

Ilustracións de Rébecca Dautremer

Santiago de Compostela: Tambre, 2004

As fermosas imaxes de Rébecca Dautremer ilustran a historia da devoradora Babaiaga.

Camiños sen nome

Anna Castagnoli

Pontevedra: Oqo, 2007

É unha obra seductora, que fai observar as cousas máis cotiás e ver a beleza que hai nelas.

Chan, a pantasma

Mariasun Landa

Ilustracións de Iria Crespo

Vigo: Galaxia, 2007

Que vida dura a da pantasma!!!

La cosa perdida

Shaun Tan

Cádiz: Bárbara Fiore, 2007

Un tranquilo día de verán, alguén, que busca chapas para a súa colección, atópase con algo que creará lazos...

 **Cuentos pulga**

Riki Blanco

Barcelona: Thule, 2006

Un home bala, un lanzacoitelos, a trapecista, o pallaso, parece todo en orde neste circo, pero...

 **Dende o cole**

Alberto Urcaray

Adaptación ao galego de Irene Penas Murias

A Coruña: Everest Galicia, 2006

No cole pásase moi ben e ata o botamos en falta.

 **El día que cambié a mi padre por dos peces de colores**

Neil Gaiman e Dave McKean

Barcelona: Norma, 2003

¿É posible cambiar un pai por dous peixes de cores e que ninguén se decate?

 **Gaspar, o pastor de lebres**

Paco Liván, a partir dun conto tradicional danés

Ilustracións de Lucie Mullerova.

Pontevedra: Oqo, 2007

Conto popular danés no que un rabaño de lebres é utilizado como pretexto para amosar a astucia dun mozo.

 **Historia de Román o bombeiro**

Pinto

A Coruña: Everest Galicia, 2006

Román tiña claro que a súa vocación era apagar lumes.

 **O mundo de papá**

Moka

Zaragoza: Tambre, 2004

Orión vai comprender a seu pai cando participe con el nunha das súas loitas.

Nun lugar chamado labirinto

Ánxela Gracián

Ilustracións de Ramón Trigo

Zaragoza: Tambre, 2005

Aventura na que unha nena de sete anos se inicia nos sentimentos de afecto e de perda dun ser querido.

Paxaros na cabeza

Joel Franz Rosell

Ilustracións de Marta Torrão

Pontevedra: Kalandraka, 2004

Un rei sabio e os seus ministros que pensan que o monarca ten a cabeza a paxaros...

O segredo do pan

Xosé María Álvarez Cáccamo

Ilustracións de Xan López Domínguez

Santiago de Compostela: Alfaguara Obradoiro, 2005

Descubrir o segredo dos saborosos pans é o obxectivo da viaxe de Fermi Fariña.

Sentimento

Carl Norac

Ilustracións de Rébk Dautremer

Zaragoza: Edelvives, 2006

Un constructor de monicreques que cobran vida decide facer o boneco que será o seu dobre.

De 10 a 12 anos

Amancio amigo e o meigo de Salamanca

Xosé Miranda

Vigo: Xerais, 2006

Primeira entrega da serie de novelas de maxia protagonizadas por Amancio Amigo, destemido estudante de maxia capaz de desaparecer e transformarse en obxectos e animais.



Boas noites

Paula Carballeira

Ilustracións de Noemí López

Santiago de Compostela: Igaem; Vigo: Xerais, 2007

Xiana, é unha nena que non ten tempo para pensar, nin para xogar, pero polas noites non da pechado os ollos.

Obra de teatro, de áxiles diálogos, cun argumento baseado no estrés infantil.



Crisóstomo o alifáfaros

Antonio Yáñez Casal

Ilustracións de Miguel Porto

Vigo: Galaxia, 2006

Os alifáfaros están por aí, por todos lados...



Eidolon

Jane Johnson

Barcelona: Montena, 2006

Eidolon, un mundo máxico a punto de desaparecer.



Fairy Oak: el encanto de la oscuridad

Elisabetta Gnone

Madrid: Marenostrom, 2007

¿Resistirá Pervinca o encanto da Escuridade? A salvación dos Máxicos e dos Sinmaxia depende diso.



Gregorio miedo y medio

Andreu Martín

Madrid: Espasa Calpe, 2001

O protagonista, Gregorio miedo y medio, é ao comezo desta primeira obra, un neno moi medoso. Todo o asusta, por iso actúa dun xeito torpe. Tenlle pánico ao seu irmán e todos se rín del. Esta situación vai cambiar o día que Gregorio descobre un libro de maxia «O Grimorio» que lle ensina a actuar con valentía.



O home invisible

Joan de Déu Prats

Ilustracións de Núria Colom

Vigo: Xerais, 2006

A cadeliña Greta consegue cambiar a vida de Xenaro.



Kika Superbruja en...Todo sobre los dinosaurios

Knister

Madrid: Bruño, 2007

Kika trasládase ao mundo dos dinosaurios e cóntanos cousas sobre eles.



O lago das garzas azuis

Alfonso Pexegueiro

Vigo: Xerais, 2005

Conto-poema protagonizado por tod@s @s nen@s do mundo



A lagoa das nenas mudas

Fina Casalderrey

Ilustracións de Patricia Castelao

Vigo: Xerais, 2006

Unha nena nixeriana vai vivir a un lugar lonxe da súa terra, do que descoñece todo, incluído o idioma.



Memorias de papá Mumin

Tove Jansson

Madrid: Siruela, 2007

Os Mumin son uns trols, pequenos seres xoguetóns e divertidos, que viven mil aventuras.



Miña avoa ten trece anos

Pepe Carballude

Ilustracións: David Pastor

Vigo: Tambre, 2007

A avoa de Bea marcha vivir a unha residencia. A nena visítala diariamente e cóntalle historias.



Mis cuentos preferidos de los hermanos Grimm

Jacob e Wilhelm Grimm

Ilustracións de Joma

Barcelona: Combel, 2007

Selección de narracións dos irmáns Grimm.



O misterio do rei pastor

Xoán Babarro

Ilustracións de Enjamio

Vigo: Tambre, 2007

Lo, un neno abandonado criado por uns pastores, terá que pasar unha serie de probas para salvar ao seu pobo.

Relato de literatura épica e fantástica.



Monstruos y otras especies...

Ahmat Zappa

Barcelona: Montena, 2007

Unha familia de «monsterminadores» viven diferentes aventuras.



El niño con la fortuna más grande

Sally Gardner

Barcelona: Ediciones B, 2005

Un peto máxico que serve para resolver diferentes problemas.



Os perfectos

Rodrigo Muñoz Avia.

Ilustracións de Tesa González

A Coruña: Rodeira, 2007

Retrata a busca da perfección familiar.



Un puente hacia Terabithia

Katherine Paterson

Barcelona: Destino, 2007

Escapa con Leslie e Jess ao mundo imaxinario de Terabithia.



El señor Bello y el elixir azul

Paul Maar

Madrid: Siruela, 2006

Unha potente pócima que dilúe a fronteira entre persoas e animais.

Tratado de magia: curso para aprendices

Guión de A Yvonne G.

Ilustracións de A Yvonne G., J. Howe, T. Tomic, H. Ward

Barcelona: Montena, 2007

Trucos e instrucións para aprender a facer feitizos e explicacións detalladas sobre talismáns. Libro imprescindible para os aprendices de mago.

A toupiña cegarata

Ánxela Gracián

Ilustracións de Jacobo Lijó Viaño

Vigo: Galaxia, 2005

A toupa protagonista desta historia sae fóra do tobo para coñecer as cores do mundo.

El último refugio

Roberto Innocenti

México: Fondo de Cultura Económica, 2003

Ao final do mundo chega un ilustrador que perdeu a inspiración. Alí vai atopar unha serie de personaxes que tamén queren atopar o seu lugar.

De 12 a 14 anos

O arquivo de Sherlock Holmes

Arthur Conan Doyle

Vigo: Galaxia, 1997

12 historias para desfrutar do afamado detective inquilino de 221B de Baker Street.

A casiña azul

Sandra Comino

Vigo: Galaxia, 2007

A casiña azul esconde secretos que Cintia se propón desvelar.

 **El círculo de fuego**

Marianne Curley

Barcelona: Salamandra, 2004

Maxia e viaxes ao pasado para romper un feitizo.

 **Contos por contar**

Vergílio Alberto Vieira

Vigo: Tambre, 2006

Breves contos cheos de ironía e humor.

 **Cobertor de estrelas**

Ricardo Lísias

Ilustracións de Iltziar Ezquieta

Pontevedra: Oqo, 2005

Fala dos problemas d@s nen@s abandonad@s que viven nas rúas de Brasil, dende a visión dun neno da rúa que quere aprender a escribir.

 **Despereaux: es la historia de un ratón, una princesa...**

Kate DiCamillo

Barcelona: Noguer y Caralt, 2006

Un ratiño de orellas grandes, unha rata que vive nas mazmorras, unha moza que soña con ser princesa...

 **Gracias a Winn-Dixie**

Kate Dicamillo

Pontevedra: Kalandraka, 2001

Esta obra, que fala da amizade dunha nena e un can, inspirou o guión da película «Mi mejor amigo».

 **El gran libro del miedo: 20 + 1 relatos para temblar**

Varios autores

Barcelona: Parramón, 2006

Relatos de medo a cargo de grandes mestres do xénero.



 **Los hechiceros de la noche**

Geoffrey Huntington

Barcelona: Umbriel, 2005

Devon necesita dar resposta aos poderes extraordinarios que posúe.

 **King Kong**

Anthony Browne

México: Fondo de Cultura Económica, 2006

O gorila xigante máis famoso das pantallas do cine marabillosamente ilustrado por A. Browne.

 **Lúa e os nubeiros**

Xosé Miranda

Ilustracións de Fran Jaraba

Vigo: Galaxia, 2000

Lúa vive tantas aventuras, que non sabe se foron realidade ou froito da súa imaxinación.

 **Un marciano neste mundo**

Conchi Regueiro

Ilustracións de José Tomás

A Coruña: Baía, 2004

Nerea vive emocionantes e perigosas aventuras a través de viaxes no tempo.

 **¡Menuda bruja!**

Eva Ibbotson

Barcelona: Salamandra, 2004

Despois de estudar nunha das mellores academias para bruxas, Heckie decide aplicar os seus coñecementos para mellorar o mundo.

 **La oscuridad**

Marianne Curley

Barcelona: Salamandra, 2004

2ª parte dunha triloxía chea de intriga e misterio que enfrenta aos seus protagonistas ao curso da historia.

Pucho o habitador dos tellados

Manuel Janeiro

Ilustracións de Juan Ramón Alonso

Pontevedra: Kalandraka, 2006

Obra deliciosa e entrañable, gracias á sensibilidade coa que o autor presenta a vida do protagonista, vítima dun dos duros episodios (a dictadura) da nosa historia.

El soldado y la niña

Jordi Sierra i Fabra

Ilustracións de Mabel Piérola

Barcelona: Destino, 2003

Repasa todas as xustificacións e razóns que os xefes lle deron ao soldado, para convencelo de que a guerra na que está combatendo é xusta: patriotismo, heroísmo, liberdade, etc. Descubre que o enganaron e que as razóns reais da guerra son outras: intereses económicos, xogos de poder, etc.

O tempo das palabras en voz baixa

Anne-Lise Grobéty

Vigo: Xerais, 2005

Momentos difíciles que poñen a proba a amizade.

Un tonel de risas, un valle de lágrimas

Jules Feiffer

Madrid: Anaya, 2000


Cando imos facendo viaxe e a viaxe vains facendo a nós...

El valle de los lobos

Laura Gallego

Madrid: Ediciones SM, 2005

Un libro cheo de misterios que mantén a tensión ata a última páxina.



Maiores de 14 anos



Cartas de inverno

Agustín Fernández Paz

Vigo: Xerais, 2007

Intrigante e orixinal novela de terror.



O ceo dos afogados

Francisco Castro

Vigo: Xerais, 2007

Os delfíns de todos os océanos deciden avanzar á mesma hora cara a costa, ninguén sabe explicar que está a pasar.



La cerda

Andrew Cowan

Madrid: Siruela, 1997

A relación dun adolescente inglés cunha rapaza paquistaní.



El clan de la loba

Maite Carranza

Barcelona: Edebé, 2005

Unha profecía a piques de cumprirse, bruxas enfrontadas polo poder, un secuestro e unha adolescente na que se depositan todas as esperanzas.



Corto Maltés: balada do mar salgado

Hugo Pratt

Vigo: Galaxia, 2006

Corto Maltés, o famoso personaxe de banda deseñada, protagoniza esta novela de aventuras.



A escura luz do Tíber

Lola Gándara

A Coruña: Rodeira, 2005

Un retallo da vida de Marcia, unha moza que viviu baixo o mandato do emperador Nerón.



Luces del Norte

Philip Pullman

Barcelona: Ediciones B, 2004

Os nenos están a desaparecer ¿cómo salvalos e resolver o enigma?



A pomba e o degolado

Fina Casalderrey

Vigo: Xerais, 2007

Problemas cotiáns dun adolescente.



O reino en perigo

Herbie Brennan

Vigo: Xerais, 2007

Novela de aventuras no Reino dos Elfos.



La tuneladora

Fernando Lalana

Barcelona: Bambú, 2007

Un caso máis para o detective Fermín Escarpín.



Obras de literatura, para moz@s e adult@s



Aires difíciles

Almudena Grandes

Barcelona: Tusquets, 2002

Juan Olmedo e Sara Gómez son dous estraños que se instalan a principios de agosto nunha urbanización da costa gaditana dispostos a reiniciar as súas vidas.



Los amores imprudentes

Gustavo Martín Garzo

Barcelona: Areté, 2005

O propio autor definiu esta obra como «unha viaxe ao corazón do home, no que se atopa moita escuridade, pero tamén se descobre a luminosidade, fundamentalmente, a través do amor, e por suposto unha viaxe ao pasado e á procura da identidade. Un recoñecemento ao sacrificio e entrega das mulleres durante unha época tan dura como a posguerra».



Ancho mar de argazo

Jean Rhys

Vigo: Xerais, 2007

Cando o matrimonio converteu a Antoinette Cosway en Bertha Rochester, empezou para ela un pesadelo.



Antoloxía do conto galego do século XX

Introducción e selección, Luis Alonso Girdado

Vigo: Galaxia, 2002

Panorámica do conto galego ao longo do século XX. Inclúe obras dos mellores escritores galegos, desde a Xeración Nós ata os que comezaron a publicar durante os últimos anos do franquismo.



Arthur e George

Julian Barnes

Cangas do Morrazo: Rinoceronte, 2006

Basada nun caso real da Inglaterra victoriana. Investiga as relacións entre a culpa e a inocencia. Arthur Conan Doyle, un dos protagonistas desta novela, será o creador do famoso detective Sherlock Holmes.



Brooklyn follies

Paul Auster

Vigo: Galaxia, 2006

Historias sobre o lado bo das cousas, a relatividade das contrariedades e o sinsentido dos destinos marcados.



El crimen del padre Amaro

José María Eça de Queiroz

Barcelona: Debolsillo, 2004

Diseción satírica da sociedade burguesa do Portugal a fines do século XIX e dos resabios do fanatismo relixioso.



De nuevo, el amor

Doris Lessing

Barcelona: Planeta-DeAgostini, D.L. 2002

Analiza as emocións humanas, a través da paixón amorosa, nun percorrido polo desexo sexual.



La elegancia del erizo

Muriel Barbery

Barcelona: Seix Barral, 2007

¿Qué teñen en común Renée, a porteira do edificio, e Paloma, unha nena de 12 anos supertdotada que vive nun dos apartamentos?



O Gatopardo

Giuseppe Tomasi di Lampedusa

Vigo: Galaxia, 2005

Narra as vivencias de Don Fabrizio e a súa familia, a finais do século XIX e principios do XX, en Sicilia, no momento da unificación política italiana. A aristocracia comprende que se achega o final da súa supremacía.



Herba moura

Teresa Moure

Vigo: Xerais, 2006

A paixón fronte ao mito da racionalidade, a través da memoria das mulleres invisíbeis.



Leer Lolita en Teherán

Azar Nafisi

Barcelona: El Aleph, 2004

Unha historia de amor, libros e revolución.



Os libros arden mal

Manuel Rivas

Vigo: Xerais, 2006

As historias e vidas de distintos personaxes entrecrúzanse ao longo de máis dun século ata os nosos días. Iníciase co agasallo dunha Biblia coa que Borrow obsequia a un galego que lle salvou a vida e coa queima de libros que os fascistas levaron a cabo en agosto do 36 en A Coruña. Ficción e realidade transfórmanse no punto de partida dunha viaxe onde, o mesmo que un libro nos conduce a outro libro, un personaxe nos leva a outro personaxe.



A medición do mundo

Daniel Kehlmann

Vigo: Galaxia, 2006

É a historia de dous científicos alemáns, que a fins do século XVIII e principios do XIX emprenden a tarefa de explorar e medir o mundo cada un á súa maneira.



Me llamo Rojo

Orhan Pamuk

Madrid: Alfaguara, 2003

Introdúcenos no esplendor e decadencia do Imperio Turco. É unha novela histórica e de misterio, sobre varios ilustradores de libros, na que se intercala unha seductora historia de amor.



El misterio de la carretera de Sintra

Eça de Queiros e Ramalho Ortigão

Barcelona: El Acantilado, 1999

É unha novela, que por ser publicada inicialmente na prensa, aproveita o valor que damos ao impreso nos xornais para xogar co real.



Nieve

Orhan Pamuk

Madrid: Alfaguara, 2006

Unha obra sobre a dignidade e procura da felicidade, co trasfondo da problemática do laicismo e o fundamentalismo relixioso na Turquía actual.



El niño con el pijama de rayas

John Boyne

Barcelona: Salamandra, 2007

Relato sobre o holocausto e os campos de concentración nazi, pero dende a perspectiva dun neno de 9 anos.



Ojos azules

Toni Morrison

Barcelona: RBA, 2001

O concepto de beleza, a voz feminina ou a infancia truncada, a través dunha historia dura e deliciosa ao mesmo tempo.



Ollos de auga

Domingo Villar

Vigo: Galaxia, 2006

Novela policial, que traslada a escenarios galegos as características da novela negra.




La puerta

Magda Szabo

Barcelona: Mondadori, 2005

¿Qué esconde Emerenc detrás da porta que non quere que o vexa ninguén?





El reflejo de las palabras

Kader Abdolah

Barcelona: Salamandra, 2006

Ismail pasa gran parte da súa vida traducindo a palabras os desexos do seu pai xordomudo.



El retrato de Dorian Gray

Óscar Wilde

Madrid: Anaya, 2003

Relata, a obsesión dun mozo atractivo e con gran éxito por manterse sempre novo. Dorian Gray é un home que busca a inmortalidade.



Sobre la belleza

Zadie Smith

Barcelona: Salamandra, 2006

Unha sátira do mundo universitario a través dos desencontros sociais, culturais e ideolóxicos de dúas familias.



El tío Sylvester

Georgette Heyer

Barcelona: Salamandra, 2007

Sylvester é un mozo rico, que busca muller para casar.



Todo está iluminado

Jonathan Safran Foer

Barcelona: Lumen, 2002

Un mozo norteamericano, de familia xudía, viaxa a Ucraína pescudando información sobre as orixes da súa familia.



Todos nosotros

Raymond Carver

Madrid: Bartleby, 2006

O cotián elevado á categoría de extraordinario.



El último encuentro

Sándor Márai

Barcelona: Salamandra, 2002

Este último encontro é para despedir definitivamente o amor, a amizade, a plenitude de tempos mellores...

El vagón de las mujeres

Anita Nair

Madrid: Alfaguara, 2002 (4ª ed.)

Un tren que atravesaba a India: no mesmo compartimento viaxaban seis mulleres, seis vidas, seis historias.

Vinieron como golondrinas

William Maxwell

Barcelona: Libros del asteroide, 2006

Un pequeno retrato dunha familia americana de clase media, no ano 1918.

Xuntos e máis nada

Anna Gavalda

Vigo: Galaxia, 2006 (Versión en galego)

Catro superviventes, catro personaxes marcados pola vida, cuxo encontro os vai salvar dun naufraxio anunciado.


O único que queda é o amor

Agustín Fernández Paz

Ilustracións de Pablo Auladell

Vigo: Xerais, 2007

Dez relatos, onde se nos presenta o amor en moitas das súas variantes. Obra de gran calidade na que todos @s protagonist@s se namoran e descubren que o amor é un sentimento capaz de transformalos.



Obras de coñecementos, para mox@as e adult@s



1000 plantas y flores para el jardín

Barcelona: De Vecchi, 2007

Trucos e consellos para xardiñeir@s principiantes, acompañados dun DVD explicativo.



El año del pensamiento mágico

Joan Didion

Barcelona: Global Rhythm, 2006

«*A vida cambia rápido. A vida cambia nun instante. Séntaste a cenar e a vida que coñeces acábase*».



El árbol: una maravilla de la naturaleza

Jenny Linford

Bath (Gran Bretaña): Parragón Books, 2006

Fermosas fotografías de árbores de todo o mundo.



Arquitectura popular en Galicia: razón e construcción

Pedro de Llano

Vigo: Xerais, 2006

Nova edición, revisada e actualizada polo autor, dun libro clásico que trata de revitalizar a nosa arquitectura popular.



Augas caídas: fervezas de Galiza

Victor M. Caamaño Rivas, Xoán Collazo Pazó, Mon Daporta Padín, Adela Leiro Lois, Isaac Pontanilla Pérez

Vigo: A Nosa Terra, D.L. 2005.

Amosa a beleza e diversidade dunha manchea de fervezas galegas, ao tempo que fai unha chamada á protección dos ecosistemas fluviais.



Cocina práctica y fácil para mujeres y (hombres) ocupadas(os)

Julia Martínez Gálvez

Madrid: Algaba, 2006

Recetas fáciles, con menús diseñados para cada día.



El corazón de las ciudades: cascos históricos de Galicia

Textos de Ramón Villares, Celestino García Braña, José Luis Gómez.
Fotografías de Xurxo Lobato.

Barcelona: Lunwerg editores; Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, 2006

Recorrido fotográfico, histórico, arquitectónico e sociolóxico polos cascos históricos de cidades galegas.



A Coruña de Pedro Ferrer: patrimonio e xentes, imaxes do cotián

Pedro Ferrer

Vigo: Xerais; 2005

Pedro Ferrer amósanos, coa súa cámara, as antigas festas, edificios... da Coruña de tempos pasados.



Diario ruso

Anna Politkóvskaya

Barcelona: Debate, 2007

Crónica da Rusia contemporánea.



El dibujo manga

Sergi Cámara e Vanesa Durán

Barcelona: Parramón, 2006

Libro recopilatorio das distintas técnicas e estilos de debuxar manga.



Diccionario teórico y crítico del cine

Jacques Aumont e Michel Marie

Buenos Aires: La Marca, 2006

Presenta un estudio crítico e teórico do cine, xunto con recensións de críticos e cineastas.



**Enciclopedia de los Oscar:
la historia no oficial de los premios
de la academia de Hollywood. 1927-2005**

Luís Miguel Carmona

Madrid: T & B Editores, 2007

Narra diversas anécdotas da cerimonia de entrega dos Óscar.



Fellini: la vida y las obras

Tullio Kezich

Barcelona: Tusquets, 2007

Biografía do director de cine, Fellini.



Una historia de amor y oscuridad

Amos Oz

Madrid: Siruela, 2004

A forxa dun escritor.



**Jean Renoir:
conversación con sus películas 1894-1979**

Christopher Faulkner

Hong Kong: Taschen, 2007

Fotogramas e imaxes dos arquivos persoais de Kubrick.



**Mineralia:
cristales y piedras preciosas de todo el mundo**

Jean-Paul Poirot

Bath (Gran Bretaña): Parragón, 2007

Preciosas fotografías dos minerais máis significativos do mundo.



**No digas a Dios lo que tiene que hacer:
Einstein, la novela de una vida**

François de Closets

Barcelona: Anagrama, 2005

Percorrido pola vida e a obra dun xenio do século XX.



Obra gráfica

Vicente Risco

Vigo: Galaxia, D.L. 2006

Recolle nun volume a obra gráfica, debuxos e deseños dunha das personalidades máis importantes da Xeración Nós.



Océanos de papel

Olivier Le Carrer

Barcelona: Juventud, 2007

Relata unha marabillosa aventura humana e científica, ao longo da cal o home aprendeu a situarse no espacio e a medir os mares.



Pablo Picasso 1881-1973

Carsten-Peter Warncke

Hong Kong: Taschen, 2007

Dous volumes coa obra de Pablo Picasso dividida en períodos pictóricos.



La promesa de Pilates: un cuerpo nuevo en 10 semanas

Alycea Ungaro

Madrid: Tursen, S.A., Hermann Blume, 2005

Ideal tanto para principiantes como para practicantes de Pilates.



Sartre y Beauvoir

Hazel Rowley

Barcelona: Lumen, 2006

Vida dunha parella lendaria.



El viaje al amor: la nuevas claves científicas

Eduardo Punset

Barcelona: Destino, 2007

Claves para comprender o amor.



Los volcanes y los hombres

Philippe Bourseiller

Barcelona: Lunwerg editores, 2001

Fotografías de volcáns en erupción e paisaxes aos que deron lugar.

DVD - Cine



La bicicleta de Pekín

Wang Xiaoshuai (dirección)

Li Bin, Cui Lin, Zhou Xun (intérpretes)

Francia-China, 2001

Premiada co Oso de Prata do Festival de Berlín 2001. Película sobre dous adolescentes que viven en Pekín cuxos sonhos están postos nun mesmo obxecto: unha bicicleta.



Breve encuentro

David Lean (dirección)

Celia Johnson, Trevor Howard (intérpretes)

Gran Bretaña, 1945

Relato intimista do amor sacrificado polas rixidas convencións morais. Baseado nunha peza do dramaturgo inglés Noël Coward.



Un franco, 14 pesetas

Carlos Iglesias (dirección)

Carlos Iglesias, Javier Gutiérrez, Isabel Blanco, etc. (intérpretes)

España, 2006

O tema da emigración española a Suíza durante os anos 60. Baseado na historia real do pai do propio Carlos Iglesias.



Pesadilla antes de navidad

Henry Selick (dirección) ; Tim Burton (producción)

EEUU, 1993

Conto gótico de nadal producido polo cineasta Tim Burton (*La novia cadáver*, *Eduardo Manostijeras*). Obra cumbre da animación cinematográfica.



El sueño de Valentín

Alejandro Agresti (dirección)

Carmen Maura, Rodrigo Noya, Julieta Cardinali (intérpretes)

Argentina-España-Holanda, 2003

Valentín é un neno solitario en busca constantemente do amor e o agarimo. A súa vida transcorre modesta e con dúas obsesións: converterse en astronauta e que o seu pai o leve canda a súa nai.



West Beirut

Ziad Doueiri (dirección)

Rami Doueiri, Mohammad Chamas, etc (intérpretes)

Líbano-Francia, 1998

Dous adolescentes musulmáns namóranse dunha rapaza cristián en Beirut. Mentres se desprazan en bicicleta polas rúas da cidade cunha cámara ao ombro, filman todo o que lles chama a atención.



CD - Audio - Música



10.0

Berrogüetto

Boa, 2006

Cd que celebra o décimo aniversario desta innovadora banda de folk galego. Berrogüetto é a subversión contra o acomodaticio e o rutinario, é o nome da minuciosidade puntillista, do fino encaixe de harmonía e tempo.



1962-1966 / 1967-1970

The Beatles

Emi Odeon, Apple, 1993

Dobres recompilacións coñecidas popularmente como o «álbum vermello» e o «álbum azul» que cobren toda a carreira do máis influínte grupo musical dos últimos 50 anos.



The best of the Doors

The Doors

Elektra, 2000

Cd recompilatorio, cos 17 temas máis sobranceiros da banda californiana liderada polo poeta e icono xeracional Jim Morrison.



Canciones '84-'96

Héroes del Silencio

Emi Odeon, 2000

Coa recente volta aos escenarios desta banda aragonesa, é bo momento para retomar os sons do grupo español máis internacional da década dos noventa.



Los clásicos de la ópera: 400 años (39 títulos)

Varios compositores e intérpretes

Madrid: El País, 2007

Extensa colección de óperas completas en gravacións de alto valor histórico. Cada libro-cd inclúe exhaustiva documentación xunto aos libretos íntegros de cada obra.



Un día cualquiera (cd audio + dvd)

Nacha Pop

Emi Spain, 2005

Edición especial que combina son e imaxes en directo dunha das bandas pioneiras do pop español dos anos oitenta, representativa da chamada «movida madrileña».





SISTEMA DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE OLEIROS
<http://catalogo.rbgalicia.org>

Organismo Autónomo Municipal de Cultura

Concello de  **Oleiros**

www.oleiros.org